- Forma, lugar e data de selección das traballadoras.

Unha vez presentada a oferta, a Oficina de Emprego, mediante consulta ao seu banco de datos, envíalle ao empresario unha preselección de candidatas aptas, a priori, para que sexan entrevistadas por el mesmo.

Non obstante, a Oficina de Emprego, tamén pode efectuar a selección das candidatas mediante probas profesionais e/ou psicolóxicas

Os empresarios están obrigados a solicitar á Oficina de Emprego as traballadoras que necesite contratar, unicamente cando se queira acoller medidas de fomento de emprego.

As traballadoras contratadas ao amparo dalgunha destas medidas, deberán levar inscritos na Oficina de Emprego o tempo que determine cada modalidade de contrato.

Aínda que como establece o artigo 4º-2 c) do E.T "En relación co traballo, os traballadores teñen dereito:

■ c) A non ser discriminados para o emprego ou unha vez empregados, por razóns de sexo.....”

Existe nas ofertas tramitadas nos Servizos Públicos de Emprego, a posibilidade de realizalos con ou sen requirimento de sexo, necesario nalgúns casos segundo a medida de fomento de emprego elixida.

Ofertas con requirimento de sexo e sen este requirimento. Valores percentuais. Galicia. 2008

■ Cadro 5.24

Sexo	Nº de ofertas
Home	13,56
Muller	10,96
Sen requirimento	75,49

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

A maioría das ofertas, non presentan requirimento de sexo (75,48%) pero o 24,52% restante distribúense do seguinte xeito: homes 13,56% e mulleres 10,96%

■ Cadro 5.25

Ofertas con requirimento de sexo e sen requirimento por seccións (Clasificación CNAE). Galicia. 2008

	Muller	Home	Sen requirimento	Total
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura	43	102	468	613
B Pesca	10	44	114	168
C Industrias extractivas	-	10	34	44
D Industria manufacturera	152	451	1.168	1.771
E Produc. e distribuc. enerxía eléctrica e gas	1	1	25	27
F Construción	58	1.425	2.314	3.797
G Comer., repar. vehíc. a motor, motocicl. e art. persoal	464	606	1.783	2.853
H Hostalería	652	83	1.398	2.133
I Transporte, almacenamento e comunicacións	29	121	415	565
J Intermediación financeira	22	-	133	155
K Actividades inmobiliarias e de aluguer, servizos empresar.	232	191	1.642	2.065
L Admon. pública, Defensa e seguridade social obrigatoria	105	32	3.500	3.637
M Educación	60	31	1.169	1.260
N Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	208	20	1.155	1.383
O Outras activid. sociais e de serv. Prestados á comunidade	365	65	2.257	2.687
P Fogares que empregan persoal doméstico	81	5	80	166
Q Organismos extraterritoriais	-	-	1	1
R Sen sección asociada	99	6	123	228
Total	2.581	3.193	17.779	23.553

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Neste cadro apréciase como a sección de actividade con mais requirimento feminino é a hostalaría (652 ofertas) (30,57% das ofertas van destinadas a mulleres), seguida do comercio (464 ofertas) (16,26%) e doutras actividades sociais e de Servizos prestadas á comunidade (365 ofertas) (13,58%).

En canto aos requirimentos masculinos, é a construción a que se sitúa no primeiro lugar (37,53%), seguido do comercio, reparación de vehículos a motor e artigos persoais (21,24%) e industrias manufactureiras co 25,46%.

As ofertas presentadas sen requirimento de sexo danse maioritariamente en administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria, construción e outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade.

Ocupacións máis ofertadas con requirimento de sexo feminino Galicia. 2008

■ Cadro 5.26

Descrición	Mulleres
Camareiros/as, bármanes e asimilados/as	392
Dependentes/as e exhib. en tendas, almac., quiosc. e merc.	332
Pers. limpeza ofic., hoteis (camareiros/as de piso) e outros estab. simil.	230
Perruqueiros/as, espec. en trat. beleza e trab. asimilados/as	217
Empregados/as do fogar	213
Cociñeiros/as e outros/as preparadores/as de comidas	174
Taquígrafos/as e mecanógrafos/as	167
Asistentes/as domiciliarios	128
Secretarios/as administ. e asimilados/as	47
Representantes de comercio e técnicos de vendas.	32
Total das dez ocupacións máis ofertadas	1.932
Total das ocupacións ofertadas	2.581

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Ocupacións máis ofertadas con requirimento de sexo masculino Galicia. 2008

Descrición	Mulleres
Albaneis e canteiros	550
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	270
Condutores de camións	185
Peóns de contrución de edificios	133
Peóns de transporte e descargadores	121
Fontaneiros e instaladores de tubos	111
Electricista de construción e asimilados	105
Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados	103
Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	100
Soldadores e oxicortadores	82
Total das dez ocupacións máis ofertadas	1.760
Total das ocupacións ofertadas	3.193

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

■ Cadro 5.26
(continuación)

Ocupacións máis ofertadas sen requirimento de sexo Galicia. 2008

Descrición	Mulleres
Camareiros/as, bármans e asimilados.	1.098
Albans e canteiros/as	998
Representantes de comercio e técnicos/as de venda.	780
Taquígrafos/as e mecanógrafos/as	530
Cociñeiros/as e outros preparadores de comida.	497
Dependentes/as e exhibidores/as en tendas, almacéns, quioscos e mercados	496
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	432
Condutores/as de camiós	407
Perruqueiros/as, especialistas en tratamento de beleza e traballadores/as asimilados/as.	398
Carpinteiros/as (agás carpinteiros/as de estruturas metálicas).	383
Total das dez ocupacións máis ofertadas	6.019
Total das ocupacións ofertadas	17.779

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Por ocupacións máis ofertadas con requirimento de sexo feminino, destaca en primeiro lugar Camareiras (15,19%), Dependentas (12,86%) e Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos (9%). Cando o requirimento de sexo é masculino, en primeiro lugar atopamos a ocupación de Albanel, seguida de Peón da construción e Carpinteiros.

Parece reproducirse tamén nas ofertas presentadas nos Servizos Públicos de Emprego o mesmo esquema de actividades económicas e ocupacións que xa vimos nas demandas de emprego e que veremos nas contratacións, volvendo poñer de manifesto que hai unha serie de actividades e profesións destinadas ás mulleres e outras reservadas aos homes.

5.5. Contratos de traballo

Neste capítulo utilizaremos os cadros elaborados polo Instituto Galego das Cualificacións, que se ben teñen unha pequena variación, nos totais, cos facilitados polo SPEE-INEM, consideramos que esta diferenza non é significativa e os cadros serven para ilustrar de forma resumida a situación da contratación feminina.

No capítulo 7, dedicado á contratación móstranse os datos facilitados polo SPEE-INEM por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

No ano 2008 a contratación feminina supuxo o 48,31% do total da contratación, tanto de contratos iniciais, como conversión en indefinidos e Adscricións en Colaboración social. Se o distribuímos os contratos iniciais supuxeron o 48,51%, as conversións o 44,97% e as Adscrición o 29,51% do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina.

Persoas contratadas. Por idade e sexo. Galicia. 2008

■ Cadro 5.27

Idade	Nº contratados		
	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	17.054	26.573	43.627
20 a 24	76.136	77.855	153.991
25 a 29	83.519	84.576	168.095
30 a 34	64.166	66.780	130.946
35 a 39	48.137	48.290	96.427
40 a 44	38.972	37.829	76.801
45 a 49	28.841	29.608	58.449
50 a 54	16.343	20.370	36.713
55 a 59	7.066	11.358	18.424
60 a 64	3.187	6.512	9.699
65 ou máis anos	291	707	998
Total	383.712	410.458	794.170

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Se facemos unha análise por idades, observamos como o tramo de idade con maior contratación foi o de 25-29 anos (83.519 contratos), seguido do de 20-24 anos (76.136 contratos).

Ao comparar os datos por idades do grupo de mulleres, co dos homes, chama a atención, que se ben en case todos os grupos de idade a contratación masculina supera a feminina, hai grupos onde a diferenza case se duplica. O grupo de mulleres de 16 -19 anos só rexistrou 17.054 contratos, fronte aos 26.573 de homes. O de 50-54 anos rexistrou 16.343 contratos de mulleres e 20.370 de homes, o de 55-59 anos rexistrou 7.066 contratos femininos fronte a 11.358 masculinos. Nos grupos de idade intermedios é onde menos diferenzas se presentan, estas son máis acusadas nos tramos de menor idade e nos de maior idade.

Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que o son maioritariamente no sector servizos.

Segundo o seguinte cadro do Instituto Galego das Cualificacións o 89,94% (88,760% en 2007) das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos. O segundo sector de importancia é a industria onde traballa o 7,67% (8,69% en 2007). Na Agricultura e Construción a representación feminina é moi escasa.

Contratos nos sete grandes subsectores de actividades Galicia. 2008

■ Cadro 5.28

	Mulleres	Homes
Sector primario	4.396	19.480
Agricultura e pesca	4.396	19.480
Sector secundario	29.431	47.761
Industria	29.263	47.218
Electricidade	168	543
Sector construción	4.753	76.888
Construción	4.753	76.888
Sector servizos	345.132	266.329
Comercio e hostalería	108.670	61.685
Transporte e comunicacións	20.207	48.118
Outros servizos	216.255	156.526
Total	383.712	410.458

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina representando un 56,44% do total dos contratos realizados neste sector. Dentro deste sector é o Comercio e a Hostalaría a que concentra maior número de mulleres traballadoras con 108.670 traballadoras contratadas en 2008 fronte ao total do sector servizos de 345.132 (362.505 en 2007).

Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE) e sexo. Galicia. 2008

■ Cadro 5.29

	Mulleres	Homes	Total
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura	3.591	9.348	12.939
B Pesca	805	10.132	10.937
C Industrias extractivas	151	1.087	1.238
D Industria manufacturera	29.112	46.131	75.243
E Produc. e distribuc. de enerxía eléctrica e gas	168	543	711
F Construción	4.753	76.888	81.641
G Comer., repar. vehíc. a motor, motocicl. e art. persoal	54.579	32.528	87.107
H Hostalaría	54.091	29.157	83.248
I Transporte, almacenamento e comunicacións	20.207	48.118	68.325
J Intermediación financeira	2.852	1.693	4.545
K Activid. Inmob. e de aluguer, servizos empresar.	112.195	92.555	204.750
L Admon. pública, defensa e SS obrigatoria	16.492	8.298	24.790
M Educación	15.419	8.373	23.792
N Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	37.161	5.238	42.399
O Outras activid. sociais e de serv. Prestad. á comunidade	31.833	40.261	72.094
P Fogares que empregan persoal doméstico	300	108	408
Q Organismos extraterritoriais	X	-	X
Total	383.709	410.458	794.167

A distribución do emprego feminino está moi ligada ás ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Contratos asociados aos grandes grupos de ocupación por sexo. Galicia. 2008

■ Cadro 5.30

	Nº Contratos
1 Dirección das empresas e das administracións públicas	2.206
Muller	793
Home	1.413
2 Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	66.990
Muller	33.787
Home	33.203
3 Técnicos e profesionais de apoio	67.457
Muller	31.543
Home	35.914
4 Empregados/as de tipo administrativo	75.253
Muller	55.356
Home	19.897
5 Traballadores/as dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as dos comercios	187.739
Muller	139.386
Home	48.353
6 Traballadores/as cualificados/as na agricultura e na pesca	13.917
Muller	3.322
Home	10.595
7 Artesáns e traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras, da construción e da minería, agás os operadores/as de instalacións e maquinaria	107.069
Muller	18.647
Home	88.422
8 Operadores/as de instalacións, maquinaria e montadores/as	77.654
Muller	16.428
Home	61.196
9 Traballadores/as non cualificados/as	195.885
Muller	84.420
Home	111.465
Total contratos	794.170
Total mulleres	383.712
Total homes	410.458

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

Se ben é certo que hai pouca representación de mulleres en postos de Dirección de Empresas e AA. PP., só o 35,95% fronte ao 64,05% de homes, as porcentaxes iguálanse en Técnicas e Profesionais científicos e intelectuais (50,43% de mulleres). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, e a medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Outro grupo de ocupación con grande representación feminina é o dos Empregadas de tipo Administrativo, co 73,56% (73,76% en 2007).

A forte presenza da muller no sector servizos, e especialmente no comercio e na hostalaría, tamén ten o seu reflexo nos grandes grupos de ocupación, así as mulleres son maioría co 75,23% (74,49% en 2006) no grupo de Traballadoras dos servizos de Restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio.

Entre as traballadoras cualificadas das industrias manufactureiras, a construción, e a minaría a presenza da muller é moi escasa, só o 17,41% e no grupo de Traballadoras non cualificadas, a representación masculina (56,90%) tamén é moi superior á feminina (43,10%).

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación existen dúas tendencias:

- Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como empregada administrativa, ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio.
- Un grupo minoritario, que grazas á obtención dun título universitario, ocupan postos como Técnicos e Profesionais Científicos e Intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina en 2008 foi superior á feminina e foino especialmente nos contratos indefinidos ordinarios, onde a contratación feminina supuxo o 39,53%. Non obstante nos Contratos indefinidos de Fomento do Emprego a contratación a mulleres en 2008 chegou ao 53,81% fronte aos 47,25% do 2007

■ Cadro 5.31

Contratos indefinidos acollidos a medidas de fomento da contratación. Segundo sexo, idade e provincias. 2008

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>=45	< 25	25-29	30-39	40-44	>=45	
A Coruña	1.904	2.440	1.963	526	1.677	1.945	2.498	2.387	579	1.202	17.121
Lugo	658	588	430	142	520	621	648	647	186	388	4.828
Ourense	540	456	379	136	453	550	513	521	159	383	4.090
Pontevedra	1.772	1.885	1.677	436	1.467	1.765	2.112	2.048	513	1.014	14.689
Total	4.874	5.369	4.449	1.240	4.117	4.881	5.771	5.603	1.437	2.987	40.728

Fonte: SPEE - INEM. Contratos rexistrados

■ Cadro 5.32

Contratos indefinidos acollidos a medidas de fomento da contratación segundo colectivo de bonificación por provincias. Ano 2008

	Total	Desempregados con responsabilidades familiares	Mulleres desempregadas	Mulleres contratadas 24 meses seguintes o parto	Desempreg. Inscrit. 6 ou máis meses	Desempreg. maiores 45 anos	Mozos de 16 a 30 anos	Maternidade, adopción e acollimento	Minusvalidos	Traballadores/as en risco de exclusión social	Traballadores en empresas de Inserción	Conversión a indefinido acollido a bonif.	Outros colectivos	Non bonificados
A Coruña	17.121	9	2.474	49	100	1.337	1.728	-	436	8	1	1.444	2	9.533
Lugo	4.828	3	823	17	18	498	532	-	129	7	-	291	3	2.507
Ourense	4.090	4	813	18	34	442	532	-	114	3	-	234	0	1.896
Pontevedra	14.689	3	2.268	80	102	1.298	1.487	-	339	8	-	1.138	2	7.964
Galicia	40.728	19	6.378	164	254	3.575	4.279	0	1.018	26	1	3.107	7	21.900

Fonte: SPEE - INEM. Contratos rexistrados

A contratación segundo modalidade e sexo pódense consultar nos cadros do Capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacar os de interinidade (73,65%) e os que se realizan a tempo parcial (66,56%). Os de Fomento do Emprego, tradicionalmente femininos no 2008 case se igualan aos concertados con homes. Este ano, por terceira vez, o contrato en prácticas realizado a mulleres (50,80%) supera lixeiramente, os concertados con homes.

■ Cadro 5.33

	Muller	Home
Indefinido	26.805	44.274
Indefinido tempo parcial	12.081	4.917
Temporal	217.133	279.458
Temporal tempo parcial	116.584	59.702
Prácticas / Formación	6.336	8.004
Outros	4.773	14.103
TOTAL	383.712	410.458

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións

O cadro do Instituto Galego das Cualificacións da tipoloxía contractual por sexo e idade no 2008, aínda que non distingue todas as modalidades contractuais, serve de resumo para comparar a situación dos dous grupos no ámbito contractual.

O que máis destaca, é o maior peso da xornada parcial no grupo de mulleres, tanto en contratos indefinidos (71,07%) como temporais (66,13%).

Os contratos temporais, tanto a xornada completa como parcial, alcanzan no colectivo feminino o 86,97% da contratación a mulleres, mentres que no colectivo masculino chega ao 86,63%.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa como parcial, supuxeron o 10,13% nas mulleres e o 11,98% nos homes.

Mantense a tendencia dos últimos anos onde a contratación feminina está caracterizada por unha maior temporalidade e un maior uso de contrato a tempo parcial.

5.6 Formación

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar tanto a formación regulada, como a formación ocupacional. Dentro da formación regulada centrarémonos nos ciclos formativos de FP Grao Superior, Bacharelato e Titulacións Universitarias, por consideralos máis signifi-

cativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) nos dous primeiros casos e os do INE no último.

No alumnado matriculado nos ciclos formativos de FP Grao Superior, observamos que para o curso 2007-2008, o 50,98% dos alumnos/ás eran mulleres, porcentaxe lixeiramente superior ao de homes. Esta porcentaxe baixa lixeiramente con respecto ás alumnas que iniciaron estes ciclos formativos no curso 2004-2005: o 51,66%.

■ Cadro 5.34

Alumnado matriculado en ciclo formativo de FP grao superior, por sexo. Curso 2007 / 2008. Galicia - España

	Total	Homes	Mulleres
Galicia	14.389	7.053	7.336

Unidade: nº de alumnos/as
Fonte: INE

O alumnado matriculado en Bacharelato, segundo o IGE no curso 2007-2008, mostra que as mulleres matriculadas representan en Galicia o 56%, superior nun 12% á media masculina do 44%.

O alumnado que iniciou o Bacharelato no curso 2004-2005 segundo os datos do IGE, mostraron que o 56,51% deles eran mulleres, fronte ao 43,49% de homes, confirmándose novamente a maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.

■ Cadro 5.35

Alumnado matriculado en bacharelato, por sexos.

	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Galicia	32.762	14.408	18.354

Unidades: nº de alumnos/as
Fonte: INE

■ Cadro 5.36

Abandono educativo temperán. Poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). Galicia

	Total	Homes	Mulleres
2006	24,9	34,3	15,0
2007	23,9	33,2	14,4
2008	24,1	32,2	15,8

Unidades: Porcentaxes
Fonte: INE. Enquisa de poboación activa
Nota: para o cálculo deste indicador empréganse medias anuais dos datos trimestrais. 30-06-2009

O abandono educativo temperán dos que non completaron o nivel de educación secundaria e non seguen ningunha formación, é sensiblemente superior nos homes, chegando mesmo a superar o dobre no ano 2008. Talvez as dificultades que ten a muller para iniciarse no mercado laboral, sexa unha das razóns para que persistan na súa formación académica.

No ensino Universitario en Galicia, segundo o INE, para o curso 2007-2008, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 58,85%.

Alumnado matriculado en Ensino Universitario, por tipo de estudio e sexo. Curso 2007 - 2008.

■ Cadro 5.37

	Total	Mulleres
Total	67.847	39.253
Estudos de licenciatura	31.313	20.219
Estudos de Arquitectura e Enxeñaría	8.938	3.299
Estudos de Arq. E ing. Tecnicos	10.777	3.446
Estudos de diplomatura	16.563	12.114

Unidades: nº de alumnos/as

Fonte: INE

A porcentaxe media do 58,85% varía moito segundo a especialidade elixida:

a) Estudios de Licenciatura; 64,57% de mulleres matriculadas:

■ As especialidades máis demandadas polas mulleres son:

Dereito

Administración e Dirección de empresa

Filoloxía

Medicina

Ciencias Biolóxicas

Psicoloxía

Especialidades onde o alumnado feminino é maioritario, ademais das anteriores:

Pedagogía: 83,39%

Psicoloxía: 81,57%

Documentación: 80,95%

Historia da Arte: 77,53

Publicidade: 77,07%

Periodismo: 74,52%

b) Estudos de arquitectura e enxeñaría: As mulleres solo solicítano no 36,91% dos casos.

c) Estudos de Arquitectura e Enxeñaría Técnica: A matrícula feminina representa o 31,91%

d) Diplomaturas; as solicitudes de matrícula das alumnas supón o 73,14%.

■ As especialidades máis demandadas son:

Mestre/a
Ciencias empresariais
Enfermaría

■ As especialidades con máis alta representación feminina son:

Logopedia: onde o alumnado feminino
é case o único, co95,31%
Terapia ocupacional:91,35%
Educación social:88,82
Enfermaría:86,20%
Traballo social:84,36%

Como se pode observar, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas.

Alumnado que rematou os estudos universitarios, por tipo de estudo e sexo. Curso 2007 - 2008.

■ Cadro 5.38

	Total	Mulleres
TOTAL	9.632	6.217
Estudos de licenciatura	4.372	3.006
Estudos de archit. e enxeñ.	994	390
Estudos de Arq. E Enx. Técnicas	1.295	461
Estudos de Diplomatura	2.971	2.360

Unidades: nº de alumnos/as
Fonte: INE

É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios, o 64,54% son mulleres:

a) Estudos de licenciatura: Foron rematados polo 68,75% de mulleres fronte ao 31,24% de homes.

b) Estudos de arquitectura e enxeñaría: Finalizáronos o 39,23% de mulleres e o 60,76% de homes.

c) Estudos de arquitectura e enxeñaría técnica: o 35,60% de mulleres remataron os seus estudos.

d) Estudos de diplomatura: do total de alumnos, o 79,43% dos diplomados/ás foron mulleres.

É de destacar que se ben o 58,85% dos matriculados/ás eran mulleres, do total de alumnos/ás que finalizaron os seus estudos, o colectivo feminino supuxo o 64,54%, fronte ao 35,46% de homes.

5.7. Poder e toma de decisións

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidas, Unión Europea e Consello de Europa. Este último, adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisións para alcanzar o devandito equilibrio, e esa porcentaxe foi establecida como mínimo na lexislación nacional, por medio da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

Distribución por sexo de altos cargos da Administración do Estado. 2008

■ Cadro 5.39

	Varóns	Mulleres	% Mulleres
Total	230	108	32,0
Secretarías do Estado	22	11	33,3
Subsecretarias	37	14	27,5
Secretarías Xerais	15	7	31,8
Direccións Xerais	156	76	32,8

Fonte: elaboración do Instituto da Muller, a partir dos datos facilitados polo Ministerio das Administracións Públicas INE

En 2008 a representatividade que teñen as mulleres nos Altos Cargos da Administración do Estado chegou ao 32% (20% en 2006) (Secretarías de Estado, Subsecretarias, Secretarías Xerais e Directores/ás Xerais). As porcentaxes son inferiores no caso dos Subdelegados do Goberno en CC.AA (17,9%), Delegados do Goberno (26,3%) e en países estranxeiros (o 7,1% das embaixadas).

Distribución por sexo de representantes do Goberno según ámbito de representación. 2008

■ Cadro 5.40

	Ambos sexos	% Mulleres
Total	213	12,3
Embaixadoras/es españois no estranxeiro	116	7,1
Embaixadoras/es - Representantes Permanentes en OOI	33	12,1
Delegadas/os do Goberno nas CC.AA	19	26,3
Subdelegadas/os do Goberno nas CC.AA	39	17,9
Directoras/es Insulares da A.G.E.	6	33,3

Nota: datos referidos exclusivamente a postos ocupados, non a postos existentes ou dispoñibles

Fonte: Ficheiro de Altos Cargos e respecto da/os Delegadas/os do Goberno nas CC.AA, según os nomeamentos publicados no BOE INE

Outra mostra do papel da muller no poder e a toma de decisións, é a súa presenza nas alcaldías e Gobernos autonómicos.

A porcentaxe de alcaldesas nos concellos do noso país creceu un 2% respecto da lexislatura anterior. Por CC.AA., a maior porcentaxe nese posto osténtao a Comunidade de Madrid (19,6%), seguida da Comunidade Foral Navarra (17,7%) e Castela-A Mancha (17,5%), Producíronse incrementos significativos en País Vasco, Cantabria e Comunidade Valenciana. A porcentaxe máis baixa de mulleres, teno Galicia co 7,96%.

■ Cadro 5.41

Alcaldías, según CC.AA.

		1983	1987	1991	1995	1999	2003	2007
Total		8.051	7.739	8.086	8.096	8.105	8.073	8.075
Total Alcaldías: Ambos sexos	Andalucía	764	751	768	770	769	770	770
	Aragón	727	707	729	729	730	730	731
	Asturias	78	72	78	78	78	78	78
	Illas Baleares	66	62	67	67	67	67	67
	Canarias	87	81	87	87	87	87	87
	Cantabria	102	98	102	102	102	102	102
	Castela e León	2.250	2.147	2.248	2.248	2.247	2.243	2.242
	Castela e A Mancha	915	903	915	915	919	915	919
	Cataluña	940	924	942	944	946	944	946
	Extremadura	380	377	380	382	382	381	383
	Galicia	312	295	313	314	315	314	314
	Madrid	178	173	179	179	179	179	179
	Murcia	45	43	45	45	45	45	45
	Navarra	264	208	271	272	272	257	243
	A Rioxa	174	162	174	174	174	174	174
	C. Valenciana	534	505	540	540	541	538	542
	País Vasco	235	231	248	250	250	247	251
	Ceuta e Melilla	-	-	-	-	2	2	2
Total		2,04	3,22	4,86	6,53	9,61	12,56	14,60
% Mulleres	Andalucía	2,10	2,10	1,82	3,90	7,80	13,12	15,97
	Aragón	1,80	2,50	4,94	6,86	9,45	11,92	13,41
	Asturias	3,80	4,20	3,85	3,85	6,41	12,82	14,10
	Illas Baleares	1,50	1,60	7,46	10,45	8,96	10,45	8,96
	Canarias	1,10	1,20	2,30	2,30	4,60	10,34	12,64
	Cantabria	3,90	5,10	3,92	2,94	3,92	6,86	11,76
	Castela e León	2,30	3,90	5,47	7,56	10,77	13,11	13,60
	Castela e A Mancha	2,10	3,80	6,78	8,63	13,38	15,85	17,52
	Cataluña	1,60	2,70	3,61	4,66	6,98	9,96	12,68
	Extremadura	3,20	3,70	4,21	5,76	7,59	12,07	15,67
	Galicia	1,90	2,70	3,51	4,46	3,17	4,46	7,96
	Madrid	2,20	4,60	8,38	10,61	11,73	17,88	19,55
	Murcia	8,90	2,30	4,44	6,67	6,67	8,89	13,33
	Navarra	0,40	3,80	5,17	5,15	11,03	14,79	17,70
	A Rioxa	2,90	3,70	5,75	8,05	8,05	12,64	10,34
	C. Valenciana	0,60	1,40	3,52	6,11	11,65	12,64	17,53
	País Vasco	2,60	4,30	9,27	8,80	12,00	14,57	19,92
	Ceuta e Melilla	-	-	-	-	0,00	0,00	0,00

Fonte: Instituto da Muller

Nalgunhas Comunidades como A Rioxa e Illas Baleares, a presenza da muller descendeu.

Cadro 5.42

Mulleres nos Gobiernos Autonómicos

	1997	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Total Alcaldías: Ambos sexos											
Total Presidentas/es	19	19	19	19	19	19	19	19	19	19	19
Total Consellerías	165	166	191	197	199	198	203	207	206	206	229
Consellerías											
Andalucía	13	13	13	14	14	14	14	14	14	14	14
Aragón	6	6	9	8	9	9	10	10	10	10	11
Asturias	6	6	11	11	11	11	10	10	10	10	10
Ilhas Baleares	10	11	11	13	13	13	12	12	13	13	14
Canarias	10	10	10	10	9	8	10	10	10	10	11
Cantabria	9	9	9	9	9	9	10	10	10	10	10
Castela e León	8	8	8	8	8	8	10	10	10	10	13
Castela e A Mancha	9	9	11	10	10	10	15	13	12	12	16
Cataluña	13	13	14	15	15	16	10	16	16	16	15
Extremadura	8	8	9	10	10	11	15	10	10	11	13
Galicia	11	11	12	14	14	14	11	14	12	12	15
Madrid ⁽¹⁾	7	7	9	9	11	11	9	11	12	10	17
Murcia	7	7	8	9	9	9	11	9	9	12	12
Navarra	10	10	10	10	10	9	9	11	11	10	14
A Ríoxa	6	6	7	7	7	7	10	9	9	9	11
C. Valenciana	9	9	10	10	10	10	10	10	12	12	15
País Vasco	10	10	10	10	10	11	11	11	11	9	12
Ceuta	7	7	11	11	11	9	7	7	7	7	10
Melilla	6	6	9	9	9	9	9	10	10	9	12
Presidentas	0	0	0	0	0	0	5,26	5,26	5,26	5,26	5,26
Conseleiras	13,16	13,86	15,71	20,30	19,10	20,20	28,57	32,37	35,44	39,74	39,74
% Mulleres											
Conseleiras											
Andalucía	23,08	23,08	23,08	42,86	42,86	42,86	42,86	57,14	57,14	57,14	57,14
Aragón	0	0	11,11	12,50	11,11	11,11	30,00	30,00	30,00	36,36	36,36
Asturias	16,67	16,67	27,27	27,27	18,18	18,18	40,00	40,00	40,00	50,00	50,00
Ilhas Baleares	10,00	18,18	18,18	30,77	23,08	23,08	41,67	41,67	46,15	42,86	42,86
Canarias	10,00	10,00	0	0	0	0	30,00	30,00	30,00	45,45	45,45
Cantabria	11,11	11,11	11,11	11,11	11,11	11,11	30,00	30,00	30,00	30,00	30,00
Castela e León	25,00	25,00	12,50	25,00	25,00	25,00	40,00	30,00	30,00	46,15	46,15
Castela e A Mancha	11,11	22	27,27	40,00	30,00	30,00	26,67	46,15	50,00	50,00	50,00
Cataluña	7,69	7,69	21,43	20,00	13,33	18,75	30,00	31,25	31,26	26,67	26,67
Extremadura	0	0	11,11	30,00	30,00	27,27	13,33	30,00	30,00	61,54	61,54
Galicia	9,09	9,09	8,33	14,29	14,29	14,29	18,18	14,29	50,00	40,00	40,00
Madrid	14,29	14,29	22,22	22,22	27,27	27,27	22,22	27,27	33,33	35,29	35,29
Murcia	14,29	14,29	0	0	11,11	11,11	18,18	33,33	33,33	25,00	25,00
Navarra	10,00	10,00	10,00	10,00	10,00	11,11	22,22	9,09	9,09	35,71	35,71
A Ríoxa	16,67	16,67	14,29	14,29	14,29	14,29	20,00	22,22	22,22	27,27	27,27
C. Valenciana	22,22	11,11	20,00	20,00	20,00	20,00	20,00	20,00	25,00	26,67	26,67
País Vasco	20,00	20,00	20,00	20,00	20,00	27,27	27,27	45,45	45,45	50,00	50,00
Ceuta	14,29	14,29	27,27	27,27	18,18	22,22	57,14	57,14	57,14	50,00	50,00
Melilla	16,67	16,67	0	0	11,11	11,11	22,22	20,00	20,00	25,00	25,00

Fonte: Instituto da Muller a partir de datos do Ficheiro de Altos Cargos (FICESA)

(1) En Madrid dende o 2004 a Presidencia ostenta a Ilma. Sra. D^a Esperanza Aguirre

A representación da muller nos Gobiernos Autonómicos mantívose nos mesmas porcentaxes que o ano anterior; cun 39,74% de Concelleiras e un 5,29% de Presidentas. Estremadura segue sendo a CC.AA. con maior representación feminina (61,54%) seguida de Andalucía (57,14%). Nas CC.AA. de Asturias, Castela-León, Comunidade Valenciana e País Vasco, a representación é do 50%.

A menor presenza feminina está en Murcia e Melilla cun 25%.

Galicia mantense no 40%. O maior aumento nesta Comunidade deuse no 2006, pasando dun 14,29% do 2005 a un 50% en 2006.

Composición dos Parlamentos Autonómicos

■ Cadro 5.43

	2007		2008	
	Ambos sexos	% Mulleres	Ambos sexos	% Mulleres
Total	1.260	41,1	1.260	41,7
Andalucía	109	39,4	109	45,9
Aragón	67	35,8	67	35,8
Asturias	45	33,3	45	33,3
Baleares	59	49,2	59	49,2
Canarias	60	40,0	60	40,0
Cantabria	42	40,5	42	40,5
C. León	83	43,4	83	43,4
C. La Mancha	47	53,2	47	53,2
Cataluña	135	36,3	135	36,3
C. Valenciana	99	45,5	99	45,5
Extremadura	65	40,0	65	40,0
Galicia	75	33,3	75	33,3
Madrid	120	42,5	120	42,5
Murcia	46	39,1	46	39,1
Navarra	50	38,0	50	38,0
País Vasco	75	52,0	75	52,0
A Rioxa	33	39,4	33	39,4
Ceuta	25	40,0	25	40,0
Melilla	25	40,0	25	40,0

Nota: anos de celebración de eleccións autonómicas: Galicia e País Vasco (2005), Cataluña (2006), o resto en 2007 a excepción de Andalucía en 2008

Fonte: Mulleres en Cifras, Instituto da muller
INE

No cadro 5.43 vemos a participación feminina nos Parlamentos Autonómicos. Aínda que en termos globais a participación das mulleres aumentou, este aumento só produciuse en Andalucía, pasando dunha representación feminina do 39,4% ao 45,9%

A maior representación feminina atopámola en Castela-A Mancha (53,2%) seguida do País Vasco e Illas Baleares, e a menor en Galicia e Asturias cun 33,3%.

**Participación de mulleres nos Parlamentos Nacionais dos países europeos.
Cámara única ou baixa**

■ Cadro 5.44

	Total Escaños	% Mulleres
UE-27	7.109	23,5
UE-25	6.537	24,2
Alemania (2005)	614	31,8
Austria (2008)	183	27,3
Bélxica (2007)	150	35,3
Bulgaria (2005)	240	22,1
Chipre (2006)	56	14,3
Dinamarca (2007)	179	38,0
Eslovaquia (2006)	150	20,0
Eslovenia (2008)	90	13,3
España (2008)	350	36,3
Estonia (2007)	101	20,8
Finlandia (2007)	200	41,5
Francia (2007)	577	18,2
Grecia (2007)	300	14,7
Hungría (2006)	386	10,4
Irlanda (2007)	166	13,3
Italia (2008)	630	21,3
Letonia (2006)	100	19,0
Lituania (2004)	141	22,0
Luxemburgo (2004)	60	23,3
Malta (2008)	69	8,7
Países Baixos (2006)	150	36,7
Polonia (2007)	460	20,4
Portugal (2005)	230	21,3
R. Checa (2006)	200	19,7
Reino Unido (2005)	646	15,5
Rumania (2004)	332	11,4
Suecia (2006)	349	47,3

Nota: entre paréntesis o ano das últimas eleccións

Fonte: elaboración do Instituto da Muller a partir dos datos proporcionados pola Unión Interparlamentaria a través da súa páxina web INE

Nos Parlamentos nacionais dos países europeos as mulleres teñen unha representación do 23,5%, pero existen grandes diferenzas dependendo dos países. Así en Suecia a participación feminina alcanza o 47,3% e en Finlandia o 41,5%, mentres que en Malta é dun 8,7%, en Hungría dun 10,4% e en Eslovenia e Irlanda dun 13,3%.

En España a participación da muller no Parlamento é de 36,3%, case 13 puntos por enriba da media europea.

■ Cadro 5.45

Mulleres nos gobernos da Unión Europea (*)

		2006	2008
Membros do Goberno	Total	504	542
	Bélxica	21	22
	Dinamarca	19	19
	Alemania	16	1
	Grecia	20	19
	España	17	18
	Francia	32	39
	Irlanda	17	36
	Italia	29	22
	Luxemburgo	15	15
	Países Baixos	17	28
	Austria	19	20
	Portugal	17	17
	Finlandia	18	21
	Suecia	22	21
	Reino Unido	27	22
	R. Checa	18	18
	Estonia	14	15
	Chipre	12	12
	Letonia	19	21
	Lituania	13	14
	Hungria	18	13
	Malta	18	13
	Polonia	22	20
	Eslovenia	17	16
	Eslovaquia	16	18
	Bulgaria		20
	Rumania	16	17
	P. Candidatos		
	República Yugoslava de Macedonia		0
	Croacia	15	0
	Turquía	16	25

■ Cadro 5.45
(continuación)

Mulleres nos gobernos da Unión Europea (*)

	Total	22,62	24,54
Bélxica		23,81	31,82
Dinamarca		26,32	36,84
Alemania		37,50	100,00
Grecia		15,00	10,53
España		47,06	50,00
Francia		18,75	30,77
Italia		17,65	16,67
Irlanda		24,14	18,18
Luxemburgo		20,00	20,00
Países Baixos		29,41	39,29
Austria		31,58	40,00
Portugal		11,76	11,76
Finlandia		50,00	61,90
Suecia		45,45	42,86
Reino Unido		25,93	27,27
R. Checa		11,11	11,11
Estonia		14,29	20,00
Chipre		0,00	8,33
Letonia		31,58	23,81
Lituania		7,69	14,29
Hungría		11,11	15,38
Malta		16,67	15,38
Polonia		18,18	25,00
Eslovenia		5,88	18,75
Eslovaquia		6,25	11,11
Bulgaria			25,00
Rumania		18,75	0,00
P. Candidatos			
República Yugoslava de Macedonia			
Croacia		26,67	
Turquia			4,00

Fonte: Embaixadas dos distintos países

*Nalgúns Gobernos, o Consello de Ministros está formado, ademais do Primeiro Ministro/a e Ministros/as, por outros membros cuxos cargos poden denominarse, dependendo do país, ministro delegado, secretarios de Estado, ministros sen carteira ou secretarios parlamentarios

O cadro 5.45 sobre a participación da muller nos Gobernos europeos, pon de manifesto un aumento, pasando do 22,62% de 2006 ao 24,54% de 2008. Este aumento non de repartiu por igual en todos os países da Unión Europea: en Grecia, Italia, Irlanda, Malta, Suecia, Letonia e Rumania produciuse unha redución e o aumento máis destacado deuse en Eslovenia, Francia, Finlandia e Dinamarca.

En España, en 2008, a representación da muller no Goberno alcanzou o 50%. Fronte ao 47,6% de 2006.

Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CC.AA., pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Funcionarios/as de Carreira, según nivel de complemento de destino. España
■ Cadro 5.46

		2003	2004	2005	2006	2008
Total		147.152	145.669	147.018	149.013	147.897
Datos absolutos: Ambos Sexos	30	1.877	1.953	2.030	2.051	2.076
	29	2.036	2.113	2.244	2.382	1.885
	28	5.787	6.000	6.202	6.381	6.153
	27	2.745	2.661	2.579	2.558	1.364
	26	10.561	10.996	11.342	11.735	12.712
	25	768	702	728	931	956
	24	11.709	12.074	13.229	12.827	11.770
	23	879	1.227	1.259	1.348	1.323
	22	11.129	10.585	9.939	11.391	12.732
	21	1.228	1.226	1.200	1.217	1.248
	20	5.783	5.747	5.924	5.620	9.727
	19	1.219	1.231	1.252	1.332	1.271
	18	17.276	17.022	19.921	21.060	19.461
	17	4.339	4.339	4.292	5.471	19.964
	16	13.776	14.220	12.788	13.694	10.750
	15	16.373	17.140	17.425	17.108	22.156
	14	22.335	23.386	22.091	20.641	11.606
	13	2.216	2.012	1.855	1.704	511
	12	14.163	10.169	9.932	8.872	95
	11	1	-	-	-	-
	10	844	757	675	577	5
	9	-	-	-	-	-
	8	-	-	-	-	-
	7	-	-	-	-	-
	Outros	108	109	111	113	122
Total		52,27	52,67	52,87	52,87	53,20
% de Mulleres	30	25,09	26,90	27,21	27,21	28,90
	29	23,99	25,04	27,58	27,58	33,90
	28	32,33	34,21	35,34	35,34	37,80
	27	35,96	36,80	37,06	37,06	39,10
	26	43,30	44,33	45,74	45,74	46,90
	25	24,93	25,55	32,22	32,22	33,30
	24	49,92	50,46	50,73	50,73	51,20
	23	40,75	40,98	42,51	42,51	43,60
	22	45,63	46,10	47,57	47,57	49,90
	21	31,97	33,33	32,95	32,95	33,20
	20	46,56	46,44	48,27	48,27	50,00
	19	9,75	9,50	10,06	10,06	9,40
	18	60,87	59,72	60,18	60,18	65,30
	17	19,98	20,13	31,33	31,33	61,00
	16	65,20	70,86	70,73	70,73	68,30
	15	37,62	37,95	37,45	37,45	44,30
	14	74,06	73,74	73,15	73,15	67,10
	13	73,71	73,48	73,12	73,12	18,60
	12	67,34	67,96	67,71	67,71	69,50
	11	-	-	-	-	-
	10	21,53	22,37	19,76	19,76	20,00
	9	-	-	-	-	-
	8	-	-	-	-	-
	7	-	-	-	-	-
	Outros	2,75	5,41	7,96	7,96	10,70

Fonte: Boletín estadístico do persoal ao servizo das Administracións Públicas. INE
DATOS REFERIDOS A XULLO DE 2.008

No Cadro 5.46 sobre Funcionarios de Carreira e nivel de complemento de destino do 2008 observamos:

- A porcentaxe de funcionarias o maior (53,2%) que o de funcionarios.
- Nos niveis máis baixos, como o 12, 14 ou 16 o % de mulleres funcionarias é sensiblemente superior ao de homes, alcanzando a máxima diferenza no nivel 12 co 69,5% de mulleres.

■ A medida que subimos na escala, o número de mulleres vai diminuindo, ata chegar ao nivel 30, onde só o 28,5% son mulleres.

■ O único nivel onde a diferenza é mínima é o nivel 24, cun 51,2% de mulleres e o nivel 20 co 50%.

Cadro 5.47

Directivas/os España

		1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
% Mulleres	Dirección das empresas e da Admón Pública.	30,18	31,07	31,37	29,96	30,59	32,99	32,49	31,76	31,80	32,70
	Dirección da Admón Pública de empresas de 10 ou máis asalariados/as	14,32	15,98	16,69	18,41	17,99	19,83	20,48	24,20	22,65	23,40
	Poder executivo e legislativo da Admón Pública, dirección de organización.	23,29	25,58	32,67	26,28	29,93	32,70	18,57	45,04	45,67	36,60
	Dirección de empresas con 10 ou máis traballadores	13,91	15,46	15,97	18,08	17,52	19,08	20,64	22,29	21,30	22,60
	Xerencia de empresas con menos de 10 traballadores/as	22,97	23,80	25,80	25,10	26,60	27,19	28,85	27,14	27,19	28,90
	De comercio	30,02	29,08	29,29	29,23	33,27	35,50	37,89	37,93	33,29	33,60
	De hostelería	23,35	23,32	28,43	27,37	27,68	27,33	37,27	34,39	30,97	36,00
	De outras empresas	17,25	19,70	22,23	21,25	21,43	21,85	20,65	17,79	21,75	20,80
	Xerencia de empresas sen asalariados/as	46,03	47,59	45,43	44,96	45,15	49,25	49,10	45,06	47,33	48,50
	De comercio	53,86	55,20	53,57	54,02	54,25	57,37	55,99	53,13	53,87	54,00
	De hostelería	33,36	37,22	34,76	34,34	34,75	43,00	45,16	41,74	45,60	50,10
	De outras empresas	28,15	28,79	26,42	26,03	26,81	30,01	31,17	30,21	33,08	33,70

Fonte: Enquisa de poboación activa. INE

Unha distribución similar á Administración Pública en canto a mulleres e homes, encontrámola reflectida na empresa privada. Só o 32,70% das Direccións de Empresa ou da Administración Pública, están ocupados por mulleres e cunha escasísima variación dende 1998.

